

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD71PLA07

Programa de promoción da Lingua Galega do CMUS Xan Viaño - Ferrol

Curso: 2023- 24



ÍNDICE

1. Obxectivos para o curso académico	3
2. Medidas, secuenciación e temporalización	4
3. Recursos para o desenvolvemento das medidas propostas	5
4. Coordinación, valoración e revisión	6
5. Avaliación	6



1. Obxectivos para o curso académico

O Conservatorio Profesional de música Xan Viaño de Ferrol ten unhas características diferentes aos centros de ensino obrigatorio. Neste centro temos alumnado dende os 8 aos 18 anos, e incluso en menor número, tamén temos alumnado adulto. Adicámonos ao ensino da música, polo tanto estes estudos teñen un importante carácter práctico. Tendo isto en conta, podemos dicir que a parte que corresponde á lingua galega escrita témola que valorar positivamente, xa que en xeral cúmprense os obxectivos. É na oralidade onde temos que poñer todos os nosos esforzos, para dinamizar o emprego da lingua galega.

A contorna sociolingüística do CMUS Xan Viaño de Ferrol é principalmente castelán falante, polo que é preciso mellorar as competencias comunicativas do alumnado en galego, e incrementar as accións orientadas a promover o uso do galego e apoiar que os neofalantes adopten este idioma e o defendan como símbolo de identidade da nosa cultura. A través deste proxecto queremos ofrecer á comunidade educativa, unha imaxe actual do galego, vinculada tanto ás novas tecnoloxías como ao noso patrimonio artístico cultural.

Este curso 2023-2024, dende o EDLG queremos a animar a todos e todas as docentes a empregar o galego, e a participar nas moitas iniciativas que temos programadas para o fomento do galego, que implican a toda a comunidade educativa. En canto ao alumnado, o número de alumnas e alumnos que empregan o galego é moi reducido. Temos alumnado que ven de zonas máis afastadas, como pode ser Cedeira, que usan o galego como primeira lingua, pero a gran maioría procede de Ferrol e Narón que apenas a emprega.

Algúns dos obxectivos que propoñemos para este curso son:

- Fomentar a dinamización da lingua galega e o seu coñecemento, uso e divulgación social.
- Garantirle a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
- Consolidar e asentar a colaboración e a acción conxunta e coordinada de toda a Comunidade Educativa que permita o intercambio de experiencias e a suma de esforzos.
- Introducir a oferta positiva de ter a posibilidade de utilizar o galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística
- Implicar e asesorar para unha maior eficacia e eficiencia no deseño de estratexias e no desenvolvemento de actuacións.
- Asegurar que o galego sexa a lingua habitual, respectando o dereito individual a ser atendido na outra lingua oficial.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega.
- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.
- Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades que conciencien o respecto ao uso da lingua galega.
- Difundir a utilización da lingua galega a través dos diferentes documentos, reunións, protocolos, etc. existentes no centro.



2. Medidas, secuenciación e temporalización

A coordinación do equipo de dinamización da lingua galega será desempeñada por un dos representantes do profesorado, que é nomeado pola dirección por proposta dos compoñentes do equipo. Neste curso o EDLG está formado por sete membros do profesorado, un membro do persoal de administración e servizos, dous alumnos e dúas alumnas, destacando tamén a continua colaboración no proxecto doutros profesores, alumnado, equipo de dinamización de convivencia, biblioteca, TIC's e ANPA do centro.

O Equipo ao longo do curso valorará a evolución do proxecto e tomará as medidas correctoras oportunas.

Para o Curso 2023-24, algunhas das medidas do noso programa de promoción da lingua galega e a súa temporalización son:

	I TRIMESTRE	II TRIMESTRE	III TRIMESTRE
Reunións periódicas co Equipo Directivo (ou con algún dos seus membros)	X	X	X
Interactuación coas diferentes Coordinacións do Centro (Biblioteca, TIC's...)	X	X	X
Realización de actividades para a difusión e promoción da Lingua Galega	X	X	X

As actividades programadas a día de hoxe e ata final de curso son as seguintes:

- Conmemoración do 25N en colaboración co Equipo de convivencia. (I Trimestre)
- Realización dun glosario de termos musicais en galego e a súa difusión entre a comunidade educativa. Colaboración co Cmus Profesional da Coruña e o Cmus Superior da Coruña. (I-II-III Trimestre)
- Antoloxía de poemas galegos na materia de Piano Complementario. O alumnado desta materia, recitará poemas galegos e realizará un acompañamento musical propio no piano. (I-II-III Trimestres)
- Recital poético en colaboración co IES Carvalho Calero. O alumnado de teatro do IES Carvalho Calero recitará unha selección de poemas de homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas, Luisa Villalta, con acompañamento musical propio do noso alumnado. Mes de marzo.



- Programación de obras no repertorio do alumnado de compositoras e compositores galegos, así como a adquisición de fondos e partituras de música galega, continuando co proxecto iniciado en cursos pasados de *O galego é música*. (I-II-III Trimestres)
- Colaboración nos actos da Semana da Paz co Equipo de convivencia.(II Trimestre)
- Celebración do Día da Muller (II Trimestre). Concerto de mulleres compositoras galegas.
- Celebración do Día Internacional da gaita en colaboración co Departamento de música tradicional. (II Trimestre).
- -Acto de homenaxe a Áurea Rodríguez. (II Trimestre)
- Conmemoración do Día de Rosalía. Interpretación dunha obra musical con texto de Rosalía no noso *Recuncho de Rosalía* xunto á colocación dunha placa conmemorativa ao pé da camelia plantada o curso pasado. (II Trimestre)
- Celebración do Día do Libro xunto co equipo de Biblioteca, cunha lectura en galego dunha selección de extractos do ensaio *O outro lado da música, a poesía* entre o alumnado e profesorado do centro, na nosa Biblioteca. (III Trimestre)
- Celebración das Letras Galegas. Terceira edición do noso concerto, *Concerto das letras coas nosas músicas*, recital de música galega, a cargo do alumnado do conservatorio no Teatro Jofre de Ferrol, para dar a coñecer e compartir o noso proxecto co pobo de Ferrol. (III Trimestre).
- Organización xunto co Departamento de Fundamentos de composición, do *Certame de creación musical*. (III Trimestre)
- Realización de vídeos biográficos, sobre a figura de diferentes compositores e compositoras galegas que dan nome as nosas aulas. No contido dos vídeos, atoparemos referencias sobre a súa vida, obra, estilo, influencias, etc., rematando cunha pequena gravación do alumnado interpretando algunha das súas pezas. Estes vídeos contarán con códigos QR, que situaremos na aula afín ao compositor/a, para poder acceder e ver os proxectos. Publicaremos o produto final en redes sociais, YouTube, Facebook e blog con fins pedagóxicos. (I-II-III Trimestres)
- Revista *Falamus* edición nº 15 (III Trimestre)
- Publicacións periódicas en todas as nosas redes sociais, sobre os proxectos e traballos realizados no centro a prol da lingua, para parle a maior difusión posible. (I-II-III Trimestres)
- Revisión ortográfica da documentación do centro por parte dos departamentos que así o soliciten. (I trimestre)



3. Recursos para o desenvolvemento das medidas propostas

A colaboración e iniciativa por parte do profesorado que está no noso centro é fundamental para o desenvolvemento das diferentes medidas propostas no noso programa. Por iso nos claustros e a través da difusión das nosas actividades, pediremos a colaboración de todos aqueles que desexen participar. Resulta moi importante tamén a boa relación co equipo de Biblioteca e con outras dinamizacións, como convivencia ou Tic's para o desenvolvemento e colaboración no programa de promoción da lingua galega.

O alumnado será a parte fundamental no discurrir das nosas actividades, xa que estarán abertas e adaptadas para a participación de alumnado de GE e GP.

Contamos tamén coa colaboración das familias, a través do ANPA, sempre dispostos a participar nas nosas iniciativas abertas para toda a comunidade educativa.

Para a realización da revista *Falamus* nesta edición nº 15, resulta clave a colaboración do CIFP Leixa, concretamente do Ciclo superior de Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia, que realiza a maquetaxe da mesma como proxecto co seu alumnado.

Por suposto, precisamos o apoio e axuda do Equipo Directivo, para darlle o pulo necesario ao programa para a súa realización e consecución dos seus obxectivos propostos.

O orzamento que recibimos anualmente será un elemento moi importante para cubrir minimamente aqueles gastos de continxencia básicos.

4. Coordinación, valoración e revisión

O EDLG, como se dixo anteriormente, tratará de establecer relacións co resto de coordinacións, profesorado, alumnado... que poidan colaborar e axudar neste proxecto.

Realizaranse trimestralmente valoracións, en canto a coordinación e consecución dos nosos obxectivos, e medidas para tratar de emendar e corrixir aqueles aspectos a ser modificados. Ao final de curso, realizase a memoria final de Dinamización da Lingua Galega coas actividades realizadas e con todos os feitos importantes en relación coa dinamización lingüística. Así mesmo, revisaranse todas as decisións realizadas durante o curso para que sexan tidas en conta no curso seguinte.



5. Avaliación

A realización de enquisas entre profesorado e alumnado pode ser un medio de coñecemento da realidade do funcionamento da nosa coordinación.

Así mesmo, realizaranse enquisas de satisfacción despois das actividades, para coñecer a opinión dos participantes e grao de consecución dos obxectivos propostos con cada iniciativa.

A observación directa tamén é un medio fiable e real para avaliar a participación e funcionamento das diferentes actividades e medidas que saian da nosa coordinación e do noso programa de promoción da lingua.

Tamén teremos en conta todos aqueles comentarios, suxestións e achegas da comunidade educativa.